

## **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, celebrada no local social de Outes. Sábado, 19 de xaneiro de 2019**

Sendo as 12:30 horas do día 19 de xaneiro de 2019, no local social de Outes, reúnese en segunda convocatoria, en asemblea xeral ordinaria, a asociación cívico-cultural Terra de Outes.

Asisten: Xoán Mariño (presidente), Lidia Vicente (vicepresidenta), Ramón Blanco (secretario), M<sup>a</sup> Paz González (tesoureira), Vicente Abelleira (1º vocal), Xosé Manuel Vázquez (2º vocal), Xesús Mato (3º vocal), Xosé Dios, Domingo Campos, Alejandro Pombo, José Antonio García.

Lida e aprobada a acta anterior (correspondente á asemblea xeral ordinaria do 27 de xaneiro de 2018) a directiva procede á entrega e explicación da memoria de actividades do 2018. O presidente, Xoán Mariño, explica os actos que se levaron a cabo. No referente á conmemoración das Letras Galegas, á XIII Muiñada e a homenaxe a Domingo Sendón, explica o retraso habido coa edición do poemario de Sendón e coa Muiñada. O libro está na imprenta. Di o presidente que en marzo ou abril presentáremolo, coa filla, e faremos a Muiñada, que constará, entre outros actos, de charlas sobre a emigración a América. Farase unha exposición de fotos emigrantes de Outes polo mundo adiante.

Sacando esta Muiñada, fixemos todos os actos, cun papel destacado na sección mariñeira, da cal Xesús Mato fai resumo:

Incrementamos patrimonio marítimo en tres novas embarcacións (son catro, pero unha dorna hai que desbotala); así agora temos dúas dornas, unha buceta e un bote. Curso de navegación, en colaboración co náutico (Álex) e con Mar de Muros, festival marítimo de Pasaia (levouse alí o Langaño), participamos en Muros Mira o Mar, Vela Clásica de Murcia (recibimos a convocatoria a última hora; José Antonio levou o barco nun remolque nun día ata aló). Indica o vocal 3º que talvez o máis relevante foi celebrar os 25 anos da existencia do I Encontro de Embarcacións Tradicionais (o acto central foi a mariña seca na praza do Obradoiro, en Compostela). Tamén destaca a Festa Mariñeira e Desembarco Pirata da Ostreira da Abelleira, e o remonte dun cacho do Ulla e despois do Sar ata Padrón en homenaxe a Rosalía ("A inchadiña branca vela", organizada pola Fundación Rosalía de Castro, presidida por Anxo Angueira). Estaba prevista unha navegación para persoas con dificultades visuais: Sentir o Mar, en Muros, pero o tempo no mar era moi malo e o que se fixo foron actividades alternativas no porto. Ademais os socios de Terra de Outes saen moito a navegar na zona do Freixo-Muros.

Por outra banda, houbo, no sábado de Entroido, colaboración coa asociación Senda XXI de Noia, cunha andaina e fíxose unha exposición conxunta entre eles, o Club de Atletismo, o Joaquín Vieta e nós. Colaborouse coa carreira Cross de verán de Broña. Tamén co curso de verán da USC (dirixido por Manuel González López, actual alcalde de Outes) "Desenvolvemento Económico e Goberno no Ámbito Local", celebrado o 16 e 17 de xullo. Entre as presentacións de libros, destacamos a de *Meirás: Un pazo, un caudillo, un espolio*.

Montamos a exposición con obra de Ché Tembrea, quen nos cedeu unha peza en agradecemento. Ademais contribuímos economicamente coas Xornadas Socio-sanitarias.

*As 13,00 h. incorpóranse á asemblea Marisol Mallo e Pablo Nimo.*

A seguir a directiva explica o plan xeral de actividades para 2019. Parte do orzamento anual irá destinado a:

- a) 22 febreiro, inaugúrase exposición foto-poética "Mostra Branca", do socio Manuel López Rodríguez.
- b) Arredor do 8 de marzo: o día 8 presentaremos, *Mulleres*, libro da gandeira mazaricá M<sup>a</sup> Carmen Rey, e o día 9, tres libros da nova colección da editorial Galaxia: "Feminismos", acto no que pretendemos contar con todas as autoras.

- c) A finais de marzo ou en abril tería lugar a publicación do libro de Domingo Sendón, así como a Muiñada, do que se falou no apartado dedicado ás actividades do período de 2018.
- d) Celebración das Letras Galegas, en maio.
- e) No verán conmemoraremos no Freixo o 80 aniversario da fin da guerra civil, honrando as vítimas e mais o soldado Manuel Otero (75 anos da morte en Normandía).
- f) No relativo aos asuntos do mar volve falar Xesús Mato, 3º vocal. Di que está pendente a restauración de novas embarcacións. Fai falta xente nova que se interese polas actividades marítimas. Pepe Sacau, que nos representa ante o GALP, xestiona que organicemos algo relacionado co patrimonio: exposicións, charlas... Seguimos empeñados en recuperar un San Cosmeiro, temos compromiso do GALP para cambiar a forma de repartir os fondos (ás veces é difícil discernir actividades produtivas de non produtivas) para que agora si haxa orzamento para facer o San Cosmeiro e nos aproben o proxecto. Como parte da Federación galega estamos convidados á Clásica de Murcia, e seguramente iremos. Este ano toca celebración do XIV Encontro (que é bianual); ademais de participar tamén colaboramos na organización. Tamén iremos a Muros Mirao o Mar. Vaise recuperar unha carpintería, seguramente a da Barquiña, con cartos do GALP pero faino o Concello de Outes; Xesús Mato expresa certo malestar porque desde o Consistorio aínda non se dirixisen a nós, porque somos a única asociación do concello que recupera e conserva este tipo de patrimonio; non se pode facer unha instalación sen logo darlle contido. Vicente Abelleira pide a palabra, e concédeselle, para dicir que o Concello deixa moito que desexar nestes temas.

*Incorpóranse as socias Berta Nieto e Esperanza Ponte ás 13.24 h.*

Continúa Xesús Mato para anunciar que volveremos á Inchadiña (homenaxe a Rosalía de Castro), di que é unha actividade moi bonita de ver e invítanos a participar. Tamén manifesta que hai que comprar velas para os novos barcos e que imos poñer o logotipo da asociación nos barcos que xa temos; para esta inversión pediremos subsidio á Deputación.

g) Volverase colaborar nas Xornadas Socio-Sanitarias.

Tanto a memoria como o plan anuais son aprobados por unanimidade, e acto seguido a tesoureira, M<sup>a</sup> Paz González, entrega un documento co exercicio económico do ano pasado e procede a detallalo.

4.274,15 euros era o saldo do que partiamos. E o deste ano, incluíndo a subvención da Deputación, que aínda non cobramos, e mais o gasto que aínda non pagamos, etc. equivale a 5.573,01 euros, co cal incrementamos algo o saldo que tiñamos no exercicio anterior.

Explica o que fomos ingresando. Detense a aclarar que da lotería do outro ano (2017) ingresamos moito pero tamén se pagou moito.

Houbo gastos na viaxe a Pasaia, pero a Federación reintegrounos.

*Icorpórase Raúl Soutelo ás 13:34 h.*

No apartado dos gastos, explica a tesoureira que nos cartos de Grafinoia tamén está o libro de Sendón. Alén disto, recalca o excesivo gasto das comisións bancarias, que son abusivas, xa que cobran por cada apuntamento.

No 2018 ingresáronse 32.836,15 euros e gastáronse 27.263,14 euros, o cal nos dá o saldo final positivo susodito ao peche do exercicio do 2018.

En consecuencia, aforráronse 1.3000 euros aproximadamente no pasado exercicio.

Apróbanse as contas por unanimidade.

Acto seguido ten lugar a formalización das cotas anuais, que se manteñen no prezo de 12 euros.

Dáse paso ao punto "rogos e preguntas".

Toma a palabra Xosé Dios, e aclara que máis ben quere dar avisos: primeiro lembra a manifestación do 10 febreiro ás 12 h. na alameda de Compostela, sobre o novo plan de mellora da atención primaria; en segundo lugar, tamén relativo á mellora da atención primaria, di que o 5 de febreiro terá lugar unha mesa redonda en Santiago, e o 6 de febreiro vaise presentar en Compostela un libro que fala da cuestión (será na librería Couceiro); así mesmo, o 24 xaneiro, na Barquiña de Noia, conferencia do Dr. Ángel Lado (sobre coidados paliativos), e o 31 de xaneiro, ás 18:30 h. conferencia nº 100 da Xornadas, a cargo do Dr. Dios, sobre problemas urolóxicos (pero en realidade é unha homenaxe aos ciclos de charlas). Xosé Dios convidanos a todos e o presidente pide que se mande a información a todos os socios.

Intervén Xesús Mato para preguntar: cando alguén se asocia a Terra de Outes, como se sabe que é socio, para el poder aplicarlle o desconto nas actividades.

O secretario explica que iso pode consultarse no rexistro de socios e socias.

Pablo Nimo advirte que ademais da condición de asociado, debemos ter en conta como se asegura ese navegante, supostamente esporádico, pois o seguro de navegación ten que ter claro, cando se sae ao mar, que xente vai en cada barco, ata onde pode navegar... Temos que ir á xestoría e ver que seguro facemos. Porque se pasa algo as compañías intentan non pagar. Aconsella Pablo Nimo que pensemos como nos gustaría operar, e ver que podemos asegurar, para así navegar con seguridade.

Alejandro Pombo aclara que nas embarcacións de agrupacións deportivas o seguro é nominativo, por persoa embarcada. Non é como nunha sociedade privada que quen fai o seguro é un propietario do barco.

Volvendo ao principio, o secretario opina que, de ser o caso, é mellor cambiar os estatutos para que os socios se fagan efectivos automaticamente ao faceren o pagamento e non deixen de selo mentres non se dean de baixa (porque poden esquecer pagar as cotas). O presidente comproba os estatutos e considera que os procedementos de admisión e expulsión xa están claros nese documento e ve innecesario novas variacións con relación a iso.

E sen ningún outro particular que tratar, levántase a sesión sendo as 13:58 horas, do cal dou fe como secretario.

En Outes, a 19 de xaneiro de 2019.